

15 xuño

folga xeral

Desde hai varios anos existen abondosos motivos para unha folga xeral en Galiza: altas taxas de desemprego (que mesmo non atinxe a rebaixar significativamente feitos tan graves como a emigración e a queda da natalidade), unha porcentaxe abraiante de contratos eventuais, desmantelamento de sectores produtivos básicos (agro-gandeiro, pesca, etc.) e privatización de empresas públicas e servizos sociais básicos.

Por se fose pouco, a Reforma Laboral, tanto a que acaba de aprobar o Goberno Central por decreto como a pactada en 1997, significou a consolidación da flexibilidade laboral, a precarización e o despedimento barato, por unha banda, e, pola outra, a transferencia de cartos públicos aos empresários. Asistimos deste xeito a que cada ano que pasa aumentan as ganancias e a concentración empresarial, mentres os traballadores e traballadoras perden poder adquisitivo, dereitos adquiridos e se degradan as condicións laborais. O asinamento do Acordo sobre Seguridade Social entre a patronal, CCOO e Goberno vai nesta liña, e prepara o escenario para que no ano 2003 se amplie o período de cotizacións que determina a base reguladora, o que vai significar un recorte importante nas pensións futuras.

A este proceso de “reformas” contínuas, que son a cada cal máis negativas, preténdese sumar agora a privatización das oficinas de emprego e a eliminación da ultraactividade nos convénios colectivos, ou sexa, que cada vez que remata a vixencia dun convenio comece de cero a negociación. Atoparíamonos deste xeito con que a loita de moitos anos, mesmo en situacións máis favorábeis para os traballadores e traballadoras, se perdería nun día.

Este panorama preocupante, que o tempo agrava ao non existiren proxectos de solución real, xa que todo fica na propaganda e o discurso, é o que debemos abanear coa folga xeral, acadando un paro total dos asalariados e asalariadas, e que conte co apoio de mariñeiros, labregos e traballadores autónomos, xa que tamén eles son vítimas desta política de concentración da riqueza e expoliación foránea dos recursos do país.

A folga xeral debe ser un toque de atención ao Goberno central para que non se aprobe a “reforma laboral” e non continue impondo novas medidas anti-obreiras. Debe ser un berro contra as políticas da Xunta de Galiza que nos colocan á cola de Europa nas altas taxas de desemprego e para que se remate coa actitude submisa e entreguista, que favorece a desfeita dos sectores produtivos básicos e da nosa identidade nacional, e para que se lles dea solución aos conflitos existentes de empresa e sectores.

A folga xeral significa recobrar a dignidade e a iniciativa, de xeito tal que as nosas reivindicacións diante da patronal, a Xunta ou o Goberno central sexan respeitadas e contén coa forza e presión necesárias.



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com